

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

RESOLUCIÓN do 28 de xaneiro de 2016 pola que se establece a composición da Mesa de Contratación Permanente desta universidade.

De conformidade co que está previsto no artigo 320 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, así como no artigo 21 e seguintes do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de contratos do sector público, esta reitoría, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 36 do Decreto 101/2004, do 13 de maio, polo que se aprobaron os estatutos da Universidade da Coruña, modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro,

RESOLVE:

Primeiro. Designar os membros da Mesa de Contratación da Universidade da Coruña, con carácter permanente e en razón dos postos que actualmente desempeñan, que se citan a continuación:

1. Presidencia: será exercida pola persoa titular da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade.

2. Vogais permanentes:

a) Secretario/a xeral da Universidade.

b) Xefe/a do servizo competente en materia de contratación da Universidade da Coruña.

c) Xefe/a do Servizo de Intervención.

d) Xefe/a do Servizo de Asesoría Xurídica.

3. Secretaría: será exercida pola persoa titular da Sección de Contratación.

4. Vogais non permanentes: ás reunións da Mesa poderán incorporarse, por iniciativa da Presidencia, un membro da unidade directamente relacionada co expediente de que



se trate ou especialistas que resulten necesarios en función da complexidade técnica do expediente que se vaia tratar na sesión.

Segundo. No caso de vacante, enfermidade ou ausencia, establécese o seguinte réxime de suplencias para os membros da Mesa de Contratación:

1. Presidencia: a persoa titular da Presidencia será suplida polo titular da vicerreitoría que corresponda, de acordo coa orde de prelación establecida no artigo 1 da Resolución reitoral do 12 de xaneiro de 2016 pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da Universidade da Coruña e as competencias dos seus órganos directivos.

2. Vogais permanentes:

a) Xefe/a do Servizo de Intervención: será suplido/a pola persoa titular da sección ou, na súa ausencia, pola dun dos negociados do dito servizo.

b) Xefe/a do Servizo de Asesoría Xurídica: será suplido/a pola persoa titular da sección ou, na súa ausencia, pola dun dos negociados do dito servizo.

3. Secretaría: a persoa titular da Secretaría será suplida pola titular do Negociado de Contratación ou, na súa ausencia, pola dun dos negociados da Sección de Xestión Económica.

Terceiro. Para a válida constitución da Mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros e, en todo caso, o/a presidente, o/a secretario/a e os dous vogais que teñan atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico e ao control económico-orzamentario do órgano de contratación.

Cuarto. Terán voz e voto todos os membros da Mesa sinalados no punto primeiro, excepto o/a secretario/a da Mesa e os vogais non permanentes, que actuarán con voz e sen voto.

Quinto. A Resolución reitoral do 27 de abril de 2012 pola que se establecía a composición da Mesa de Contratación Permanente da Universidade da Coruña, deixará de ser efectiva desde o momento en que produza efectos a presente resolución.



Sexto. Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 28 de xaneiro de 2016

Julio Abalde Alonso
Reitor da Universidade da Coruña

CVE-DOG: dliwmeu3-9tu2-9ph4-slc6-g93uk90fees3

